

REGULAMENTO MUNICIPAL PARA A CONCESIÓN DE CONDECORACIÓNS, HONORES E DISTINCIÓNS

O Concello, no desexo de manifestar de maneira notoria a súa gratitude e recoñecemento polos servicios extraordinarios, traballos destacados no aspecto cultural, científico, artístico, deportivo, profesional, social, etc., prestados ó municipio por españois ou estranxeiros, tanto individual coma colectivamente, ven a establecer o regulamento a tal efecto para concede-las distincións, das que as características, clases e variantes se regulan no mesmo e que son do seguinte tenor:

CAPÍTULO I.- DOS HONORES DO CONCELLO.

Artigo 1º.-

A.-Os títulos, honores, distincións e condecoracións que con carácter oficial, a tenor do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, arts. 189, 190 e 191, que poderá conferir o Concello de Vedra para premiar especiais merecementos, destacados méritos ou relevantes servicios persoais ou colectivos en favor do municipio, son os seguintes:

1. Título de hóspede distinguido.
2. Título de fillo predilecto de Vedra.
3. Título de fillo adoptivo de Vedra.
4. Nomeamento de Alcalde ou Concelleiro honorario.
5. Medalla de honor de Vedra.
6. Medalla de Vedra nas categorías de ouro, prata e bronce.

B.- Outras distincións honoríficas: O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, instalación ou edificio municipal co nome dunha persoa ou entidade vencellada ó municipio, recoñecendo con elo especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

C.- As distincións sinaladas no artigo anterior son meramente honoríficas, sen que poidan outorgar ningún dereito económico nin administrativo.

Artigo 2º.-

A concesión das distincións honoríficas expresadas deberá ir precedida do cumprimento das normas establecidas no presente regulamento.

CAPÍTULO II.- DOS TÍTULOS DE FILLO PREDILECTO E DE FILLO ADOPTIVO.

Artigo 3º.-

1.- A concesión do título de fillo predilecto de Vedra solo poderá recaer en quen, tendo nacido no concello, destacara de forma extraordinaria por cualidades ou méritos prestados en beneficio ou honor de Vedra que alcanzaran consideración indiscutible no concepto público.

2.- A concesión do título de fillo adoptivo de Vedra poderá outorgarse ás persoas que, sen ter nacido neste Concello, reúnan as circunstancias sinaladas no párrafo anterior.

3.- Tanto o título de fillo predilecto como o de fillo adoptivo poderán ser concedidos a título póstumo, sempre que no falecido concorriran os merecementos antes mencionados.

Artigo 4º.-

1.- Os títulos de fillo predilecto e adoptivo, ambos de igual rango, constituen a maior distinción do Concello, polo que a súa concesión farase sempre utilizando criterios moi restrictivos.

2.- Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados dous para cada un deles, non poderán conferirse outros mentras vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuício da corporación que haberá de declarar esa excepcionalidade previamente en sesión plenaria e por maioría de tres cuartos.

Artigo 5º.-

1.- A concesión dos títulos de fillo predilecto e de fillo adoptivo será acordada pola Corporación Municipal, co voto favorable de dous tercios dos concelleiros, a proposta do Alcalde e previo expediente no que deberán quedar acreditados os merecementos que xustifiquen estes honores.

2.- Acordada a concesión de calesquera dos dous anteriores, a Corporación Municipal sinalará a data en que se reunirá para facer entrega ó agraciado en sesión solemne do diploma e das insignias que acrediten a distinción.

3.- O expresado diploma deberá extenderse nun pergamino artístico e conterá de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión: a insignia axustarase ó modelo que no seu día aprobe a corporación, no que deberá figurar, en todo caso, o escudo de armas do Concello, así coma a inscrición de fillo predilecto ou adoptivo segundo proceda.

Artigo 6º.-

As persoas a quen se concedan os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo do municipio terán dereito a acompañar á Corporación Municipal nos actos ou solemnidades a que esta concurra, ocupando o lugar que para elo lle estea sinalado. A tal efecto, o Alcalde dirixirá ós interesados una comunicación oficial, na que se lle comunique o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade e participándolles a invitación a asistir.

CAPÍTULO III.- DO NOMEAMENTO DE MEMBROS HONORARIOS DO CONCELLO.

Artigo 7º.-

1.- O nomeamento do Alcalde ou Concelleiro honorario do Concello de Vedra poderá ser outorgado por este a persoalidades españolas ou extranxeiras, xa como mostra da alta consideración que lle merecen, xa como correspondencia a distincións análogas de que teñan sido obxecto a Corporación ou autoridades municipais.

2.- Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior, mentras vivan dúas persoas que sexan Alcaldes honorarios ou cinco que teñan recibido o título de concelleiro honorario.

Artigo 8º.-

1.- A concesión de estes títulos honoríficos será acordada pola Corporación Municipal co voto favorable de dous tercios dos concelleiros, a proposta razonada do Alcalde. Poderá facerse con carácter vitalicio ou por prazo limitado, polo período que corresponda ó cargo de que se trate.

2.- Acordada a concesión destas distincións, procederáse na forma que dispón o número 2 do artigo 5º para a entrega ó agraciado de diploma e insignias, que, neste caso, consistirán nunha medalla idéntica á que poidan usar o Alcalde ou os Concelleiros, segundo o caso.

Artigo 9º.-

1.- As persoas a quen se concedan estes nomeamentos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin Administración municipal, se ben o Alcalde poderá encomendarlles funcións representativas cando teñan que exercerse fora do termo municipal.

2.- Nos demais actos oficiais que celebre o Concello, ocuparán o lugar preferente que a Corporación Municipal lles sinale e asistirán a eles ostentando a medalla acreditativa do honor recibido.

CAPÍTULO IV.- TÍTULO DE HÓSPEDE DISTINGUIDO.

Tal como se ven facendo noutros Concellos, a Alcaldía poderá conceder por Decreto o *Título de Hóspede distinguido do Concello* a aquelas persoalidades que visiten o municipio e que dalgunha maneira se estime de interés facelo, entregándolle o correspondente diploma acreditativo.

CAPÍTULO V.- DA MEDALLA DE VEDRA.

Artigo 10º.-

1.- A medalla de Vedra é unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios que concurran en persoalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como extranxeiras, por haber prestado servicios ó municipio ou dispensando honores a el.

2.- A medalla terá o carácter de condecoración no seu grao mais elevado de medalla de honor e de medalla de ouro, de prata ou de bronce.

Artigo 11º.-

1.- A medalla de honor, que so se poderá outorgar a El Rey, Presidente do Goberno, da Xunta ou Ministros, consistirá nunha medalla de ouro e brillantes co escudo municipal, no anverso e no reverso levará unha "coroa" con follas de laurel no borde e a inscrición referida ó grao do nomeamento, terá forma ovalada de sete cm. de alto e cinco de ancho e irá pendente dunha cinta de seda de cor azul. As medallas de ouro, de prata e de bronce levarán o mesmo deseño que as de honor, serán acuñadas no correspondente metal e todas penderán dunha cinta de seda de cor azul, con pasador do mesmo metal que a medalla outorgada. Cando se trate de algunha entidade ou corporación, a cinta será substituída por unha corbata do mesmo color, para que poidar ser enlazada á bandeira ou insignia que debe de ostentala.

2.- Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e a categoría da medalla a outorgar, deberá terse en conta a índole dos méritos e servicios, a transcendencia da labor realizada en beneficio e honor do Concello e as particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración, prevalecendo sempre a calidade dos merecementos sobre o número dos mesmos.

Artigo 12º.-

1.- O acordo de concesión da medalla de honor será adoptado pola maioría de dous terceiros dos concelleiros e aquela caducará coa morte do agraciado, deixando libre a posibilidade de conceder outra.

2.- A concesión das demais medallas será de competencia do Pleno, requeríndolles para a súa concesión a maioría de dous terceiros dos concelleiros que concurran á sesión.

3.- Cando a concesión de medallas de ouro, prata e bronce se fagan en favor dos funcionarios municipais, serán de aplicación, ademais das normas establecidas neste regulamento, as contidas na lexislación vixente sobre os funcionarios de Administración Local.

Artigo 13º.-

1.- As condecoracións outorgadas serán obxecto dun acto solemne de entrega dos correspondentes diplomas, distintivos e medalla de lapela, na forma que o Concello dispoña.

2.-O diploma será extendido en pergamino artístico, e a medalla e distintivo da solapa axustarase ó modelo que aprobe o Concello, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 11 deste regulamento.

CAPÍTULO VI.- DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE HONORES.

Artigo 14º.-

1.- A concesión de calesquera dos honores a que se refire este regulamento requerirá a instrucción previa do oportuno expediente, que serva para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen aquela concesión.

2.- Cando se trate de conceder honores a persoalidades estranxeiras e esixencias de tempo así o aconsellen, o expediente poderá ser substituído por un escrito razoado do Alcalde, dirixido ó concello Pleno, para que poida facultar previamente, a fin de que, en nome da Corporación, poida conferir a distinción ou distincións que xulgue adecuadas, dando conta a aquela na primeira sesión plenaria que celebre.

Cando as distincións se concedan a persoalidades estranxeiras, requerirase a autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe do de Exterior, de acordo co art. 190 do ROF.

3.- A iniciación do procedemento farase por decreto do Alcalde-Presidente, ben por propia iniciativa ou a requerimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación ou con motivo da petición razoada dun organismo oficial ou de entidade ou asociación de recoñecida solvencia. Cando a proposta se refira a un funcionario da corporación, estarase ó disposto no número 3 do artigo 12.

4.- No decreto da Alcaldía designarase de entre os concelleiros un instructor, que se ocupará da tramitación do expediente.

Artigo 15º.-

1.- O instructor practicará cantas dilixencias estime necesarias para investigar os méritos do proposto, solicitando informes e recibindo declaración de cantas persoas ou representantes de entidades poidan suministrar datos, antecedentes ou referencias que conduzan ó esclarecemento de aqueles.

2.- Terminada a práctica de cantas dilixencias foran acordadas, o instructor formulará proposta motivada, que elevará á Comisión correspondente do Concello, para que esta, co seu dictame, a remita á Alcaldía-Presidencia.

3.- O Alcalde-Presidente, á vista do dictame da comisión, poderá acordar a ampliación de dilixencias ou aceptar plenamente o dictame, e en un e outro caso acometer por escrito

razoado ó Pleno do Concello o expediente, para que acorde a resolución que estime procedente, na forma que se dispón neste regulamento.

Artigo 16º.-

1.- Un extracto dos acordos da corporación outorgando calquera dos honores citados deberá inscribirse nun libro-rexistro, que estará a cargo do titular da Secretaría do Concello. O libro-rexistro estará dividido en cinco seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas reguladas neste regulamento.

2.- En cada unha das seccións anteriores inscribíranse por orde cronolóxico de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un dos favorecidos, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data de esta e, no seu caso, a do seu falecemento.

3.- O concello poderá privar das distincións que son obxecto de este regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no libro-rexistro, calquera que sea a data en que foran conferidas, a quen incurra en faltas que aconsellen esta medida extrema. O acordo da corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía e requerirá o mesmo número de votos que foi preciso para outorgar a distinción de que se trate.

Artigo 17º.-

Os honores que a Corporación poida outorgar a El Rey non requirirán outro procedemento que a previa consulta á casa de *Su Majestad*, e en ningún caso se incluírán no cómputo numérico que como limitación establece o presente regulamento.

Disposición final.-

O presente regulamento, que consta de dezasete artigos e unha disposición final, entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo concello, e publicado o seu texto íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Aprobado en Sesión Plena
de 10 de Septiembre de 1997.

Certifico
el Secretario

